



De acordo coa resolución do Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 4 de marzo de 2015, procédese a anunciar a contratación da seguinte obra a través do réxime de contrato menor:

ANUNCIO

1. **Entidade adxudicadora:** Concello de Vigo.
2. **Dependencia que tramita o expediente:** Área de Fomento, Transportes e Contratación: Servizo de Vías e Obras.
3. **Nº de expediente:** 73322 /250.
4. **Título do expediente:** "reforzo da capa de rodadura do firme da rúa Padre Feijoo"
5. **Obtención de documentación e información:** www.vigo.org (perfil do contratante). Área de Fomento do Concello de Vigo. Pza. do Rei s/n. 36202 Vigo, 2º andar, teléfono 986-810254, fax 986-229448, correo electrónico: area.fomento@vigo.org Data límite para solicitar documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas.
6. **Dirección de internet do perfil do contratante:** www.vigo.org (perfil do contratante).
7. **Presentación de ofertas:**

A/ Prazo ou data límite de presentación: establececese en 5 días naturais dende a publicación deste anuncio no perfil do contratante da web municipal (www.vigo.org): ata o 21 DE MARZO DE 2015 (inclusive).

B/ Lugar: A documentación entregárase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza do Rei, s/n 36202 Vigo) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborais e de 9 a 13 horas os sábados. O interesado terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o seu nome, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste Concello con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio.

As proposicións poderán ser presentadas tamén por calquera outro dos medios sinalados no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, Reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Non obstante, se a documentación non tivese entrada no Concello con anterioridade ao día fixado neste anuncio para a apertura das ofertas, esta non será admitida en ningún caso.

C/ Forma e documentación: O interesado deberá presentar un único sobre pechado, preferentemente lacrado e precintado ou co selo da empresa. No seu exterior constará como mínimo os seguintes datos:

- Deberá indicar "proposición económica", número de expediente e título do expediente ao que concorra.
- Os datos seguintes do interesado: Nome, CIF ou NIF, enderezo postal, teléfono, fax, correo electrónico e no suposto de que o licitador estea inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, o seu número de inscrición.
- Lugar, data e sinatura do interesado ou do seu representante.



O sobre deberá conter a seguinte documentación:

- Declaración responsable consonte ao modelo adxunto a este anuncio (Anexo I).
- Oferta económica de acordo co modelo adxunto a este anuncio (Anexo II).

En ningún caso poderá presentarse mais dunha oferta, aínda que se faga mediante sistemas distintos. A presentación de varias ofertas implicará a non admisión do interesado no procedemento de referencia.

8. Orzamento de licitación: 20.825,60 euros.

9. Obrigas do contratista: Ademais das previstas na correspondente memoria valorada, o adxudicatario queda obrigado a presentar e executar a súa costa os ensaios de control de calidade seguintes:

- 1 ensaio Marshall
- 2 extraccións de testigos para comprobación de espesores

10. Prazo de execución da obra: 1 semana.

11. Data prevista de inicio das obras: un mes a contar dende o inicio do procedemento.

12. Prazo de garantía: 1 ano.

13. Garantías: Non se esixe constitución de garantía.

14. Criterio para a adxudicación (único): O menor prezo respecto ao presuposto máximo de licitación, que incluírá o IVE e que non poderá ser obxecto de modificación en ningún caso.

Serán excluídas primeiramente da licitación aquelas ofertas económicas que superen o presuposto máximo da obra; así como aquelas outras ofertas que, unha vez calculada a media aritmética de todas as admitidas, supoñan unha baixa superior ao 10% sobre o importe da mesma.

15. Apertura de ofertas: os sobres abriranse en sesión pública o terceiro día hábil posterior ao remate do prazo de presentación de ofertas. A efectos da apertura dos sobres, o sábado non se considerará hábil. Polo tanto, establécese como data de apertura das ofertas o 25 DE MARZO DE 2015.

A hora e lugar anunciarase no perfil do contratante o primeiro día hábil tralo remate do prazo de presentación de ofertas.

Dita apertura realizarase diante da Comisión de Avaliación da Concellería de Fomento, Transportes e Contratación.

16. Documentación a presentar polo contratista no caso de resultar seleccionado:

a) Documentos acreditativos da personalidade xurídica:

- Os empresarios individuais, copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.



b) Documentos acreditativos da representación: cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quenes subscriban a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do apoderado ou dos apoderados.

c) Certificados que acrediten que está ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade Autónoma e fronte a Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes: non será necesario achegar certificado de estar ó corrente das obrigas tributarias fronte ó Concello de Vigo, por canto será solicitado de oficio polo servizo xestor á Tesourería Municipal.

Os interesados que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda están exentos de presentar a documentación que obre nos mesmos sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentarse acreditación da inscrición no correspondente rexistro actualizada á data da finalización do prazo de presentación de ofertas.

De non achegar a citada documentación no prazo de cinco días hábiles como máximo contados a partir do seguinte ao da notificación do requirimento entenderase que renuncia ao contrato, en cuxo caso, o contrato adxudicárase ao seguinte participante que tivera feito a seguinte mellor oferta e aporte no mesmo prazo a documentación esixida. Tamén, se o seleccionado renunciase por calquer motivo ao contrato, será substituído polo seguinte da lista.

- 17. Réxime de pagamento:** pago único, mediante presentación de factura cos requisitos legalmente establecidos.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado -ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:


Oficina contable: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS/INTERVENCIÓN.

Órgano xestor: L01360577 CONCELLO DE VIGO.

Unidade tramitadora: GE0000611 VÍAS E OBRAS.

Vigo, 16 de marzo de 2015
O xefe do servizo de Vías e Obras

Agustín Rodríguez Carballo





ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona, con N.I.F. nº e con enderezo en

(No caso de ser persoa xurídica):

En representación da empresa con C.I.F. nº constituída (facer referencia á escritura). Acreditando a súa representación a través de poder outorgado ante o Notario D. con data baixo o número do seu protocolo.

DECLARA baixo xuramento que os datos aportados nesta declaración son exactos:

1. Que coñece o contido do anuncio publicado na páxina Web municipal para contratación das obras de, e que o acepta incondicionalmente.
2. Que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54, 57 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRL CSP).
3. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no artigo 60 do TRL CSP.
4. Que a mercantil ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, sendo o mesmo (**reproducir o obxecto**) segundo consta nos estatutos da empresa de data, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil.
5. Que a mercantil atópase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo e fronte á Tesourería da Seguridade Social que imponen as disposicións vixentes.
6. Que a mercantil atópase ó corrente no pago de salarios e Seguridade Social dos traballadores da súa plantilla.
7. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación dende que a mesma foi expedida.
8. Que a mercantil está en posesión da habilitación profesional que se esixe no anuncio.
9. Que a mercantil (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
10. No suposto de que na memoria valorada/proxecto se esixan medios persoais ou materiais, declara o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais que na mesma se contemplan.
11. Que a mercantil acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte

Lugar, data, selo e sinatura

ANEXO II



MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/Dona, con N.I.F. nº, en nome propio (ou en representación de), informado da licitación para a contratación das obras de Nº expte: manifesta:

1.- Que acepta e coñece as condicións técnicas da memoria valorada/proxecto que define o obxecto deste contrato, así como as condicións administrativas que rexen a presente contratación.

2.- Que propón como prezo sen IVE do contrato o de euros, sendo a cota correspondente ó IVE a de euros, o que supón un prezo total do contrato de euros.

Lugar, data, selo e sinatura do interesado ou do seu representante.